



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**INGLÉS**  
**1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Emma M<sup>a</sup> Salgueiro Veiga**

**CEIP A Gándara (Narón)**

**Curso 2020/2021**

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2. CONTEXTO.....</b>	<b>5</b>
<b>2.1. Contexto particular do centro.....</b>	<b>5</b>
<b>2.2. Distribución do alumnado.....</b>	<b>5</b>
<b>3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>5</b>
<b>3.1. Dificultades de aprendizaxe.....</b>	<b>6</b>
<b>3.2. Alumnado con risco de dislexia.....</b>	<b>6</b>
<b>3.3. Alumnado con TDA.....</b>	<b>6</b>
<b>3.4. Problemas de conduta.....</b>	<b>7</b>
<b>3.5. Alumnado que remata axiña as tarefas.....</b>	<b>7</b>
<b>3.6. Alumnado con altas capacidades.....</b>	<b>8</b>
<b>3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso....</b>	<b>8</b>
<b>4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA.....</b>	<b>8</b>
<b>5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....</b>	<b>10</b>
<b>5.1. Obxectivos.....</b>	<b>11</b>
<b>5.2. Contidos.....</b>	<b>11</b>
<b>5.3. Criterios de avaliación.....</b>	<b>11</b>
<b>5.4. Estándares de aprendizaxe.....</b>	<b>11</b>
<b>6. METODOLOXÍA.....</b>	<b>22</b>
<b>6.1. Metodoloxía en caso de ensinanza presencial.....</b>	<b>22</b>
<b>6.1.1. Actividades, materiais e recursos didácticos.....</b>	<b>24</b>
<b>6.2. Metodoloxía en caso de ensinanza a distancia.....</b>	<b>26</b>
<b>6.2.1. Actividades, materiais e recursos didácticos .....</b>	<b>26</b>
<b>7. PLAN DE RECUPERACIÓN.....</b>	<b>28</b>
<b>8. TEMPORALIZACIÓN.....</b>	<b>28</b>

<b>9. AVALIACIÓN.....</b>	<b>29</b>
<b>9.1. Avaliación en caso de ensino presencial.....</b>	<b>29</b>
<b>9.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>30</b>
<b>9.1.2. Criterios de cualificación.....</b>	<b>30</b>
<b>9.2. Avaliación en caso de ensino a distancia.....</b>	<b>32</b>
<b>9.2.1. Alumnado con algún trimestre suspenso.....</b>	<b>33</b>
<b>10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS.....</b>	<b>34</b>
<b>11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>35</b>
<b>12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO.....</b>	<b>37</b>
<b>12.1. Plan lector.....</b>	<b>37</b>
<b>12.2. Plan de Convivencia.....</b>	<b>37</b>
<b>12.3. Proxecto TICS.....</b>	<b>37</b>
<b>12.4. Atención á diversidade.....</b>	<b>37</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica confire un traballo persoal e concreto, adaptado ao contexto específico do centro e do 1º nivel de educación primaria. Nesta programación reflíctense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación concretos para o alumnado deste nivel do CEIP A Gándara. A programación está constituída por unha serie de unidades que dan resposta a todas as cuestións do currículo.

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da mestra de inglés durante este curso 2020-2021 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico, esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

## **2. CONTEXTO**

### **2.1. Contexto particular do centro**

O CEIP A Gándara atópase situado na Rúa Colmeote s/n, no Concello de Narón. No centro hai dous grupos de 1º curso que se distribúen como se especifica no apartado 2.2. da presente programación.

### **2.2. Distribución do alumnado**

Os dous grupos de primeiro curso son moi numerosos, como se pode observar na seguinte táboa:

<b>Curso</b>	<b>Nº de alumnos/as</b>
<b>1º A</b>	<b>25</b>
<b>1ºB</b>	<b>24</b>

A mestra de inglés xa coñece a todo o alumnado deste nivel, xa que lles deu clase o curso pasado en 6º de Educación Infantil. Hai unha nena repetidora en 1ºB, a cal tamén coñece, xa que lle impartiu clase con anterioridade.

## **3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE**

Nas dúas aulas de 1º curso de educación primaria hai nenos/as que presentan dificultades ou características particulares de varios tipos, e tamén debemos ter en conta as que poidan xurdir durante o curso, polo que se tomarán en consideración as seguintes pautas para atender á diversidade:

### **3.1. Dificultades de aprendizaxe**

Os/as nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, recibirán reforzo dentro da propia aula por parte da mestra de inglés. Este reforzo poderá consistir en explicacións persoalizadas, prestarlle especial seguimento ao traballo diario, fichas adicionais...

### **3.2. Alumnado con risco de dislexia**

No caso de alumnado con risco de dislexia, tomaranse as seguintes medidas:

- É necesario cambiar de tarefas máis a miúdo, así como facer descansos máis frecuentes, pois o seu nivel de dispersión aumenta e cóstalles manter o ritmo.
- Antes de empezar as tarefas, tratarase de comprobar que entendeu o que ten que facer.
- Darlle máis tempo para facer as actividades.

### **3.3. Alumnado con TDA**

Teranse en conta as seguintes pautas:

- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
- Preguntarlles cada pouco para comprobar que está entendendo.
- Utilizar estratexias para captar a atención do alumno, como xesticulación, entoación, dramatizacións...
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.

### **3.4. Problemas de conduta**

No caso de que o alumnado con problemas de conduta se comporte de xeito disruptivo dificultando o normal desenvolvemento das clases, tratarase de buscar solucións xunto coa orientadora do centro para que estas condutas non afecten ao resto do grupo (interrupcións constantes, condutas agresivas, faltas de respecto, etc.).

Pode ser necesaria a presenza de mestres/as de apoio ou das coidadoras para reconducir determinadas condutas durante un período temporal concreto ou ao longo de todo o curso, en función das necesidades.

### **3.5. Alumnado que remata axiña as tarefas**

É practicamente imposible que nun mesmo grupo de 24/25 alumnos/as rematen todos ao mesmo tempo. Por este motivo, sempre hai nenos/as que acaban antes ca outros aos que lles custa máis realizar as tarefas.

Se ben nos cursos anteriores a este se recurría ao alumnado máis rápido para axudar aos que presentaban máis dificultades, este ano polo protocolo do COVID non se poderá facer así. Polo tanto, no caso de que rematen antes, poderán realizar algunha actividade lúdica indicada pola mestra (debuxo relacionado co tema tratado, algunha ficha a modo de xogo ou recortable, etc.). Este ano tampouco poderán ir ler un libro do *Reading corner*, repasar contidos cos robots nin xogar a algún dos xogos en inglés que temos na aula de inglés, seguindo as normas ditadas no protocolo.

### **3.6. Alumnado de altas capacidades**

No caso de alumnado de altas capacidades, ao estarmos en niveis moi elementais da educación primaria e ao empezar a introducir a escrita e ver vocabulario e estruturas que nada teñen que ver coas da súa lingua materna, en principio tratarase de que sigan o ritmo do grupo-clase. Poñerase especial atención en tratar de manter a motivación. Se se observa que hai unha falta de interese pola súa parte ben porque xa teñan adquiridos os conceptos explicados, ou ben por algún outro motivo, tratarase de poñer en marcha os mecanismos necesarios para solucionar ese problema (ampliación de contidos, xogos ou calquera outra actividade que se considere oportuna).

### **3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso**

Se durante o curso se observan casos de alumnado que requira unha atención especial polo motivo que sexa e non apareza recollida na presente programación, tomaranse as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación do centro.

## **4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA**

Atendendo ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as competencias clave son as capacidades de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Desde a nosa Programación Didáctica tratamos de contribuír ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:



- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo. De feito, é a competencia máis relacionada coa materia de inglés. Case todos os estándares fan referencia a ela.

- **Competencias Social e Cívica (CSC):**

Son o segundo tipo de competencias máis relacionadas coa nosa materia. Ao ensinarmos unha lingua, tamén é necesario ensinar unha cultura, incluíndo o seu elemento social.

- **Competencia de Aprender a Aprender (CAA):**

Esta competencia tamén está moi presente na ensinanza do inglés. Os/as alumnos/as deben tratar de identificar cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces, para ser capaces de saír adiante a medida que van avanzando nos sucesivos cursos e se vai incrementando o nivel de dificultade das diferentes materias.

- **Competencia Dixital (CD)**

Na materia de inglés as TICs son fundamentais, xa que se empregan a diario e na actualidade é importante que o alumnado estea familiarizado con todas estas tecnoloxías para poder afrontar os retos do presente e do futuro e non converterse nunha vítima da brecha dixital.

- **Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)**

No primeiro curso de primaria esta competencia só aparece relacionada cun estándar (PLEB5.3): “Participa voluntariamente nas

actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala”.

Por último, as seguintes competencias non están incluídas en ningún dos estándares de inglés deste curso:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Aínda así, incluímos en todas as unidades actividades transversais (*CLIL*) que poden estar relacionadas con estas competencias.

## **5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Seguindo o Currículo Oficial de Educación Primaria (DECRETO 105/2014 de 4 de setembro), a área de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés neste primeiro curso está estruturada en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

No Currículo oficial preséntanse nunha táboa os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe desta materia para este nivel, que se reproducen a continuación:

**5.1. Obxectivos**

**5.2. Contidos**

**5.3. Criterios de avaliación**

**5.4. Estándares de aprendizaxe**

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Iniciación, mediante xogos e adiviñas, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación de carácter infantil, moi sinxelas, familiares e habituais, e do seu interese.</li> <li>– Identificación do tema de textos moi sinxelos, adaptados á súa idade e aos seus intereses (contos, rimas infantís, cancións).</li> <li>– Asociación de palabras e expresións moi básicas e moi sinxelas con elementos paraverbais.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</li> <li>▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</li> <li>▪ B1.3. Facer hipóteses sobre o posible</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asociación de palabras e frases moi sinxelas a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións en soporte papel ou dixital.</li> <li>- Seguimento non verbal de instrucións moi sinxelas.</li> <li>- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e estruturas elementais da lingua estranxeira.</li> <li>▪ B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.</li> </ul>	<p>sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais moi evidentes e en situacións de comunicación moi familiares.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</li> </ul> </li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</li> <li>- Compensar as carencias lingüísticas mediante</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Falar de si mesmo/a e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información moi fundamental: idade, nome, gustos, usando expresións e frases moi sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.</li> <li>▪ B2.2. Participar de maneira simple e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>procedementos paralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Usar a linguaxe non-verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</li> <li>- Participar activamente en rutinas de clase, representacións, cancións, dramatización etc, empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).</li> <li>- Repetir e reproducir en grupo textos orais sinxelos seguindo patróns orais.</li> <li>- Imitar situacións de comunicación sinxelas a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</li> </ul>	<p>inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara e poida provocar malos entendidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, estados de ánimo...).</li> <li>▪ B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación moi básicos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo e do ton da lingua estranxeira.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualización moi guiada dos coñecementos previos sobre o tipo</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>de texto que se vai ler (por ex. como acostuman ser os e as personaxes dos contos, como remata a historia, onde sucede a trama...).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación da idea global de textos moi sinxelos, elementais e moi familiares (contos, cancións ou rimas...), e encadrados por imaxes redundantes e títulos moi evidentes do contido textual.</li> <li>- Identificación de palabras clave moi evidentes, concretas, sinxelas e familiares relacionadas cos e coas personaxes a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</li> </ul>	<p>elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</li> <li>▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións.</li> <li>▪ B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				



ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Estratexias de produción:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>– Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral.</li> </ul> </li> <li>– Execución:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</li> <li>– Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e programas informáticos.</li> <li>– Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema.</li> <li>– Iniciarse no emprego de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelos.</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>▪ B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</li> <li>▪ B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.</li> <li>▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao proceso de asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</li> <li>- Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.</li> <li>- Interese polo traballo individual, en parellas ou grupos.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.2. Funcións comunicativas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establecemento de relacións sociais: saudar, despedirse, agradecer, dirixirse aos demais.</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais (nome, idade e gustos).</li> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre obxectos próximos á contorna escolar, os días</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. o seu uso comunicativo.</li> <li>▪ B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</li> <li>▪ B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</li> <li>▪ B5.4. Expresar noções moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</li> <li>▪ B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos</li> <li>▪ B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.</li> <li>▪ B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>da semana e o tempo atmosférico).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formulación de preguntas e respostas sobre obxectos e espazos próximos á contorna escolar.</li> <li>- Expresión moi elemental da posesión.</li> <li>- Expresión do gusto e a preferencia (favoritos).</li> <li>- Expresión de cantidade.</li> <li>- Expresión de estado de ánimo.</li> <li>- Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita ou estado (What's your name?, My name is/ I'm, How old are you?, What's your favourite colour? My favourite colour is, Are you happy/sad?, Yes, I am/No, I'm not).</li> </ul> </li> </ul>	<p>funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>▪ B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).</li> <li>▪ B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</li> <li>▪ B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</li> <li>▪ B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas e respostas sobre os días da semana e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre obxectos próximos á contorna escolar (What's this?, It's my...).</li> <li>- Expresión de posesión en primeira persoa (I've got) e formulación da pregunta correspondente (Have you got...?).</li> <li>- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa (I like). <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de cantidade: contar ata 20.</li> </ul> </li> </ul>	necesidades e intereses.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	PRIMEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas e respostas sobre as partes básicas do corpo e de elementos próximos a súa contorna (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this?, This is my (brother), alimentos (What's this ?, This is).</li> <li>- Expresión de permiso e axuda (Can I...?).</li> <li>- Expresión de habilidade (I can...).</li> <li>▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo cores, números, materiais e espazos escolares, formas xeométricas moi básicas, membros da familia mais próxima, comidas e bebidas elementais, xoguetes, partes do corpo, animais de compañía, estado de ánimo, tempo atmosférico, días da semana e accións.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

## 6. METODOLOXÍA

### 6.1. Metodoloxía en caso de ensinanza presencial

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- **A participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe**, de forma que se sinta integrado neste. O proceso de ensino-aprendizaxe debe xirar en torno o alumnado e non ao revés. O alumnado é o protagonista.
- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que lle resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe**; por iso é necesario ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.
- **Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso a nosa metodoloxía ten a característica de flexibilidade, de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o

desenvolvemento da propia consciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Trataremos sempre de darlles un apoio a aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron. Tamén se terán en conta os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos, tal e como se explicou no apartado 3 de pautas para atender á diversidade.

- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.
- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** As unidades didácticas teñen en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.
- **Reforzo positivo.** Eloxíaranse os progresos do alumnado, tratando de motivalos e animalos en todo momento.

Ao principio das unidades, os alumnos poden mostrar a comprensión a través de comunicación non verbal. Despois son animados rapidamente a repetir o que escoitan e máis adiante a utilizalo. A repetición é moi importante

e sempre se lles dá aos alumnos/as a oportunidade de escoitar e repetir novo vocabulario con moita frecuencia.

En todas as unidades poderán encontrar actividades con novos sons baseados en cancións e as actividades ou xogos preséntanse de maneira moi visual.

A metodoloxía que seguimos ten moi en conta as novas tecnoloxías, xa que sempre traballamos a partir do libro dixital proxectado na pizarra, polo que todas as cancións, historias, etc. poden velas de xeito animado, o cal engade un factor de motivación moi importante. O feito de contar con pizarra dixital permítenos realizar actividades interactivas, que son tamén moi motivadoras para o alumnado.

### **6.1.1. Actividades, materiais e recursos didácticos**

O libro de texto utilizado é o *Go1! Student's Pack* (ISBN 978-84- 668-2920- 5). Poderanse empregar, ademais, outros materiais tales como fichas, cancións ou historias extraídas doutros medios.

Este curso, debido ao protocolo polo COVID-19, levaremos a cabo a nosa práctica docente nas aulas correspondentes a cada grupo. Por este motivo, ao non poder dispoñer da aula de inglés e dos recursos que usábamos o curso pasado, vémonos moi limitados en canto á distribución do alumnado, á hora de realizar de dramatizacións ou facer bailes, e á utilización de xogos e materiais.

Para a selección dos materiais curriculares seguíronse as seguintes pautas:

- Encádrase con coherencia no Proxecto educativo do centro.
- Cobre os obxectivos do currículo.



- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante imaxes.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

En todas as unidades se traballan:

- ✓ Varias palabras de vocabulario clave relacionado coa vida diaria do noso alumnado (cores, familia, obxectos do colexio, animais, xoguetes, partes do corpo ou comida).
- ✓ Estruturas gramaticais moi básicas (*What's your name?, How old are you?, How are you?, etc.*)

- ✓ Un apartado CLIL (*Content and Language Integrated Learning*) que trata aspectos de ciencia (como as etapas da vida), arte (a mestura de cores) ou matemáticas (formas xeométricas).
- ✓ Un espazo adicado á fonética, na que se traballan os sons iniciais *s, r, p, h, t* ou *m*.
- ✓ A sección *Go around the world*, relacionada coa cultura, e na que se tratan temas como os colexios nos diferentes países, por exemplo.

## **6.2. Metodoloxía en caso de ensinanza a distancia**

A metodoloxía no caso de ensinanza a distancia cambia radicalmente con respecto ao ensino presencial. No caso de que debido a circunstancias excepcionais a causa do COVID-19 (aula en corentena, confinamento do grupo ou similar) non fose posible impartir a clase nas aulas, as interaccións co noso alumnado terán lugar a través dun ordenador, tablet ou teléfono móbil na maior parte dos casos.

En principio, o medio usado principalmente para propoñer as actividades de inglés será o blog <https://teacheremmagandara.blogspot.com/>, no que para cada nivel se establecen semanalmente unha serie de actividades, que aparecen explicadas unha a unha de maneira detallada e inclúen os audios correspondentes. Tamén se poderá empregar a aula virtual do CEIP A Gándara (no caso de que o alumnado xa estea familiarizada coa mesma) ou a páxina web do colexio (no apartado de inglés).

### **6.2.1. Actividades, materiais e recursos didácticos**

Ademais do libro dixital (*student's book* e *activity book*), no caso de educación a distancia poderán propoñerse actividades variadas: pdfs con acceso a listenings e demais, xogos, cancións e actividades interactivas a través de páxinas web como poden ser Learn English Kids do British Council (<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>), Mundo Primaria

(<https://www.mundoprimary.com/juegos-educativos/juegos-de-ingles>) ou Liveworksheets (<https://es.liveworksheets.com/>). En función do desenvolvemento da materia a distancia, poderán engadirse outros recursos ou prescindir dos que consideremos que non funcionan.

Non cabe dúbida de que os bloques 1 e 2 do currículo (comprensión e expresión oral) serán os máis prexudicados, xa que aínda que propoñemos en todos os niveis actividades de escoita, non é posible esa interacción que ten lugar na clase na que hai un intercambio de opinións e demais sobre os audios. Ademais, tampouco é posible facer actividades de expresión oral entre compañeiros.

Poderá realizarse tamén algunha videoconferencia a través da plataforma Webex, aínda que nestes primeiros niveis de educación primaria no caso de facerse algunha será para manter o contacto entre o alumnado, máis que para impartir unha clase de inglés propiamente dita. A experiencia do curso pasado coas videoconferencias en 1º e 2º de primaria foi fructífera no sentido en que puidemos vernos virtualmente e iso fíxonos moita ilusión a todos e a todas, pero foron un pouco caóticas debido a problemas técnicos e á falta de autonomía do alumnado, o que implica ter sempre ao lado un adulto pendente de que todo funcione correctamente.

Respecto ao alumnado que carece de medios informáticos ou de conexión a internet para acceder ás actividades, poñereime en contacto co departamento de Orientación e coas titoras deses alumnos/as para acordar unha vía para facerlles chegar o material doutro xeito xeito e que poidan recibir as propostas semanais para poder seguir o ritmo das clases.

Ao longo de todo o curso estou a disposición das familias a través dos seguintes correos electrónicos para responder as dúbidas ou comentarios das familias, intentando apoialas e facilitándolles o traballo o máximo posible:

[emmasalqueiroveiga1@gmail.com](mailto:emmasalqueiroveiga1@gmail.com)

[emma.salqueiro@edu.xunta.es](mailto:emma.salqueiro@edu.xunta.es)

## **7. PLAN DE RECUPERACIÓN**

O curso pasado remataron as clases presenciais en marzo, non volvendo a retomarse a actividade nas aulas ata este setembro. Pasou moito tempo e, polo tanto, agora que volvemos á actividade lectiva de xeito presencial debemos retomar ou recuperar os contidos que quedaron por ver no 2019/2020.

No caso do alumnado de 1º curso de Educación Primaria, cambian de etapa, xa que remataron a Educación Infantil para comezar a primaria. A materia de inglés en infantil é totalmente oral, e nela predominan as cancións, xogos e historias. En primaria xa se introduce a lingua escrita de maneira paulatina.

As primeiras semanas de curso repasaranse oralmente contidos traballados en Educación Infantil, a modo de avaliación inicial para ver se recordan as cores, os números e outros conceptos básicos e para enlazar e servir de ponte entre o curso pasado e este que agora comeza.

Prestaráselle especial atención á situación emocional do alumnado, para tratar de que o comezo deste curso tan raro e diferente sexa o máis lúdico posible.

## **8. TEMPORALIZACIÓN**

Esta programación é unha ferramenta flexible e aberta, susceptible de cambios e modificacións, como por exemplo respecto á temporalización e avaliación dos estándares, en función das necesidades do grupo-clase.

O libro do alumno/a empregarase como un instrumento para o traballo diario de clase, aínda que se poderán traballar outros materiais ou recursos cando a mestra o considere necesario ou pertinente.

No 1º nivel contamos con dúas sesións semanais para inglés. Este curso traballaranse 6 unidades didácticas, tomando como referencia o libro

de texto da Editorial Richmond que aparece no apartado 6.1.1. da presente programación. Ademais desas 6 unidades, tamén se tratarán outras pequenas unidades contextualizadas segundo os diferentes acontecementos que teñen lugar ao longo do curso académico e que teñen especial relevancia tanto para a lingua como para a cultura inglesa: *Halloween*, *Christmas* e *Easter*, así como unhas páxinas de benvida.

A continuación, amosamos a temporalización trimestral de unidades nesta área (susceptible de modificación en función das necesidades do grupo-clase, como xa se comentou anteriormente):

**a) Primeiro trimestre:**

- *Ready, Steady, Go!* (Mini unidade de benvida)
- Unidade 1: *Happy Families*
- Unidade 2: *Ready for School*
- *Halloween*
- *Christmas*

**b) Segundo trimestre:**

- Unidade 3: *Popular Pets*
- Unidade 4: *Is it a plane?*
- *Easter*

**c) Terceiro trimestre:**

- Unidade 5: *Let's Dance!*
- Unidade 6: *That's Delicious!*

## **9. AVALIACIÓN**

### **9.1. Avaliación en caso de ensino presencial**

A avaliación este curso tratará de ser un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da presente programación.

Será unha avaliación global, continua e formativa, que terá en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, o que permitirá ir adaptando a programación ás condicións ou características de cada grupo que se vaian observando na práctica diaria.

Para recoller todos os datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos e dos estándares de avaliación establecidos, empregárase unha aplicación denominada “Additio”.

### **9.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación**

Os procedementos e instrumentos para levar a cabo a avaliación serán:

- ✓ A observación directa, sistemática e diaria do alumnado (recollerase información sobre asistencia, o seu comportamento e actitude, participación...)
- ✓ Intercambios e preguntas orais.
- ✓ Listas de cotexo (si/non).
- ✓ Análise das producións do alumnado, ben sexan cancións, actividades do libro, fichas...
- ✓ Rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar.

### **9.1.2. Criterios de cualificación**

En primeiro curso non se realizarán exames nin controis da materia de lingua inglesa porque o alumnado aínda é moi pequeno e non se iniciou aínda na dinámica de ser avaliados deste xeito. Si que se lles pode dar algunha ficha para que a fagan sen a axuda da mestra (sen ter a presión de sentir que é un control ou exame), para comprobar o nivel de adquisición de vocabulario, por exemplo.

Terase moi en conta o traballo diario do/a alumno/a, a súa participación e implicación á hora de cantar/bailar as cancións, realizar dramatizacións das historias ou cantos, a súa comprensión, etc.

O comportamento tamén se valorará á hora de avaliar ao alumnado, xa que un alumno/a que se comporta de xeito disruptivo (ben sexa falando, molestando a compañeiros...) non está aproveitando a clase e está interrompendo a correcta dinámica da mesma.

En definitiva, para obter a cualificación de cada trimestre, terase en conta co seguinte peso:

- Avaliación dos estándares de aprendizaxe, directamente relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das unidades, establecidos no currículo oficial (apartado 5 da presente programación) → 70%
- Traballo diario → 10%
- Comportamento → 10%
- Participación e actitude → 10%

Respecto á avaliación dos estándares, para cada trimestre ponderaranse os correspondentes, de xeito que dentro dese 70% cada un deles teña un peso concreto (algúns poden ter máis peso ca outros).

No caso de alumnado que presente dificultades na aprendizaxe (diagnosticadas ou non), na avaliación poderán levar un 5 con RE (reforzo), o cal significa que lle custa moito chegar a ese suficiente, pero valórase o traballo e esforzo diario na aula. Esta valoración correspóndelle facela á mestra de inglés, que considerará se debe ou non superar a materia pero con ese reforzo adicional.

## **9.2. Avaliación en caso de ensino a distancia**

No caso de que nalgún momento deste curso académico 2020/2021 se produza un confinamento ou haxa que poñer a unha ou varias aulas do centro en corentena, procederase a traballar a distancia, como se explicou no apartado 6.2.

O momento no que se produza esa situación determinará a maneira de avaliar, xa que se se produce a finais de curso non é o mesmo que se ocorre ao principio.

Como comentamos nos apartados 9.1, 9.1.1. e 9.1.2., ao longo do curso recopilamos moita información sobre o traballo, a actitude e o comportamento do noso alumnado. Hai moitos estándares referidos aos bloques 1 e 2 (comprensión e produción de textos orais) que son moi difíciles de avaliar de maneira telemática, e son esenciais nestes primeiros niveis de educación primaria.

Por este motivo, se o ensino telemático se produce ben avanzado o curso, manterase a valoración deses estándares de carácter oral en función dos rexistros e anotacións referentes aos mesmos durante o ensino presencial.

Como a materia de lingua inglesa, ao igual que o resto de linguas, non se pode fraccionar, a maioría de estándares son traballados nos tres trimestres, polo que se o confinamento se produce ao longo do segundo ou terceiro trimestre, teriamos tamén datos abondo para realizar a avaliación de maneira obxectiva. Ademais, ao ser unha lingua, a súa avaliación é continua, polo que tomaríamos como base para a cualificación a nota do último trimestre no que se tivo rexistro de notas de maneira presencial.

De todas formas, esa cualificación podería incrementarse ata 1 punto respecto á última nota do curso presencial, sempre e cando o alumnado se mantivera en contacto coa mestra enviándolle todos os traballos ou actividades solicitadas en tempo e forma ao correo electrónico ou por



calquera outro medio que se indique. Poñerase un prazo para a entrega de actividades (non todas as propostas serán para entregar).

Se a actividade presencial se suspende ao principio do curso (no primeiro trimestre, nun momento no que a mestra non teña rexistro de moitos dos estándares), tratarase de avaliar os mesmos a través da entrega de actividades que se indicarán no seu momento.

### **9.2.1. Alumnado con algún trimestre suspenso**

No caso do alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles durante o ensino presencial, é necesario distinguir dous casos ben diferentes:

a) Se un alumno suspendeu inglés no último trimestre de actividade presencial, daráselle a posibilidade de aprobar a materia sempre e cando entregue en tempo e forma as actividades que se lle encomenden para poder superala. Teñen que ter, ademais, un mínimo de corrección para poder valoralas positivamente.

b) Un alumno que ten máis dunha avaliación suspensa durante o ensino presencial, non tendo adquiridos a práctica totalidade dos estándares imprescindibles dos trimestres anteriores, non poderá aprobar inglés este curso. Aínda así, e en coordinación coa orientadora do Centro, daráselle material para que siga traballando materia.

## 10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS

Respecto aos mínimos esixibles para superar a materia de inglés no primeiro curso de educación primaria, estes son os seguintes:

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- **Comprende** o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.
- **Participa** nas rutinas diarias (día da semana, mes, tempo atmosférico, etc.) e **comprende** o vocabulario asociado.
- **Entende** a información esencial en conversas moi breves e moi sinxelas nas que participa.
- **Comprende** as fórmulas básicas de relación social (saúdos, presentacións, agradecementos, desculpas).
- **Comprende** as preguntas do docente sobre os seus datos básicos (nome, idade) e outros temas traballados na aula.
- **Distingue** o comezo e peche dunha conversa.

### ▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

- **Imita e repite** as expresións do docente utilizadas na aula.
- **Fai presentacións** moi breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo) usando estruturas moi sinxelas.
- **Respecta** as normas que rexen a interacción oral.
- **Responde** de forma axeitada en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre si mesmo...).
- **Coñece e emprega** expresións relacionadas coas celebracións familiares ou culturais.
- **Participa** en conversas cara a cara nas que se establece contacto social (saudar e despedirse, presentarse).

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**
  - **Localiza** palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.).
  - Utiliza dicionarios de imaxes.
  - **Relaciona** de forma axeitada palabras escritas coa imaxe correspondente.
- **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**
  - **Copia** palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.
  - **Escribe** cartas ou tarxetas nas que felicita a alguén a partir dun modelo, copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos ou fotografías.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán os seguintes:

<u>INDICADORES</u>	<u>VALORACIÓN, OBSERVACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA</u>
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación didáctica.	
Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula tendo en conta as características do meu alumnado.	

Planifico as clases de modo flexible, adecuando as actividades ás necesidades e interese do alumnado.	
Establezo os criterios e procedementos de avaliación que me permitan facer o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	
Dou información dos progresos acadados así como das dificultades atopadas.	
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.	
Distribúo o tempo adecuadamente (equilibrio entre o tempo de exposición e o traballo do alumno)	
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos...	
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.)	
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as, e acepto suxestións.	

## **12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO**

### **12.1. Plan lector**

En todas as unidades hai polo menos unha historia, aínda que nos primeiros niveis da educación primaria cústalles moito ler no idioma estranxeiro, posto que hai alumnado que aínda está empezando a ler na súa lingua materna. Cómpre resaltar que o inglés é unha lingua que se escribe dun xeito totalmente diferente a como se escribe, algo que lles custa moito interiorizar.

### **12.2. Plan de Convivencia**

A través das historias, en todas as unidades se traballan valores. Ademais, resólvense os posibles conflitos que poidan xurdir na clase, fomentando a tolerancia, o respecto e a solidariedade.

### **12.3. Proxecto TICS**

As TICs están presentes no día a día da clase, xa que se emprega o libro dixital e a PDI a diario. Ademais, realízanse actividades interactivas, proxéctanse cancións, historias, etc.

### **12.4. Atención á diversidade**

Como xa se comentou no apartado 3, esta programación ten en conta a diversidade e achega medidas para tratala na aula.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**INGLÉS**  
**2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Emma M<sup>a</sup> Salgueiro Veiga**

**CEIP A Gándara (Narón)**

**Curso 2020/2021**

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2. CONTEXTO.....</b>	<b>5</b>
<b>2.1. Contexto particular do centro.....</b>	<b>5</b>
<b>2.2. Distribución do alumnado.....</b>	<b>5</b>
<b>3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE.....</b>	<b>5</b>
<b>3.1. Dificultades de aprendizaxe.....</b>	<b>6</b>
<b>3.2. Alumnado con risco de dislexia.....</b>	<b>6</b>
<b>3.3. Alumnado con TDA.....</b>	<b>6</b>
<b>3.4. Problemas de conduta.....</b>	<b>7</b>
<b>3.5. Alumnado que remata axiña as tarefas.....</b>	<b>7</b>
<b>3.6. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso....</b>	<b>8</b>
<b>4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA.....</b>	<b>8</b>
<b>5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....</b>	<b>9</b>
<b>5.1. Obxectivos.....</b>	<b>10</b>
<b>5.2. Contidos.....</b>	<b>10</b>
<b>5.3. Criterios de avaliación.....</b>	<b>10</b>
<b>5.4. Estándares de aprendizaxe.....</b>	<b>10</b>
<b>6. METODOLOXÍA.....</b>	<b>25</b>
<b>6.1. Metodoloxía en caso de ensinanza presencial.....</b>	<b>25</b>
<b>6.1.1. Actividades, materiais e recursos didácticos.....</b>	<b>27</b>
<b>6.2. Metodoloxía en caso de ensinanza a distancia.....</b>	<b>29</b>
<b>6.2.1. Actividades, materiais e recursos didácticos .....</b>	<b>29</b>
<b>7. PLAN DE RECUPERACIÓN.....</b>	<b>31</b>
<b>8. TEMPORALIZACIÓN.....</b>	<b>31</b>

<b>9. AVALIACIÓN.....</b>	<b>33</b>
<b>9.1. Avaliación en caso de ensino presencial.....</b>	<b>33</b>
<b>9.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>33</b>
<b>9.1.2. Criterios de cualificación.....</b>	<b>34</b>
<b>9.2. Avaliación en caso de ensino a distancia.....</b>	<b>35</b>
<b>9.2.1. Alumnado con algún trimestre suspenso.....</b>	<b>36</b>
<b>10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS.....</b>	<b>37</b>
<b>11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....</b>	<b>38</b>
<b>12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO.....</b>	<b>40</b>
<b>12.1. Plan lector.....</b>	<b>40</b>
<b>12.2. Plan de Convivencia.....</b>	<b>40</b>
<b>12.3. Proxecto TICS.....</b>	<b>40</b>
<b>12.4. Atención á diversidade.....</b>	<b>41</b>



## 1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica confire un traballo persoal e concreto, adaptado ao contexto específico do centro e do 2º nivel de educación primaria. Nesta programación reflíctense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación concretos para o alumnado deste nivel do CEIP A Gándara. A programación está constituída por unha serie de unidades que dan resposta a todas as cuestións do currículo.

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da mestra de inglés durante este curso 2020/2021 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico, esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

## **2. CONTEXTO**

### **2.1. Contexto particular do centro**

O CEIP A Gándara atópase situado na Rúa Colmeote s/n, no Concello de Narón. No centro hai dous grupos de 2º curso que se distribúen como se especifica no apartado 2.2. da presente programación.

### **2.2. Distribución do alumnado**

Os dous grupos de segundo curso son moi numerosos, como se pode observar na seguinte táboa:

<b>Curso</b>	<b>Nº de alumnos/as</b>
<b>2ºA</b>	<b>25</b>
<b>2ºB</b>	<b>24</b>

A mestra de inglés xa coñece a todo o alumnado deste nivel, xa que lles deu clase o curso pasado en 1º de Educación Primaria.

## **3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE**

Nas dúas aulas de 2º curso de educación primaria hai nenos/as que presentan dificultades ou características particulares de varios tipos, e tamén debemos ter en conta as que poidan xurdir durante o curso, polo que se tomarán en consideración as seguintes pautas para atender á diversidade:

### **3.1. Dificultades de aprendizaxe**

Os/as nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, recibirán reforzo dentro da propia aula por parte da mestra de inglés. Este reforzo poderá consistir en explicacións persoalizadas, prestarlle especial seguimento ao traballo diario, fichas adicionais...

### **3.2. Alumnado con risco de dislexia**

No caso de alumnado con risco de dislexia, tomaranse as seguintes medidas:

- É necesario cambiar de tarefas máis a miúdo, así como facer descansos máis frecuentes, pois o seu nivel de dispersión aumenta e cóstalles manter o ritmo.
- Antes de empezar as tarefas, tratarase de comprobar que entendeu o que ten que facer.
- Darlle máis tempo para facer as actividades.

### **3.3. Alumnado con TDA**

Teranse en conta as seguintes pautas:

- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
- Preguntarlles cada pouco para comprobar que está entendendo.
- Utilizar estratexias para captar a atención do alumno, como xesticulación, entoación, dramatizacións...
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.

### **3.4. Problemas de conduta**

No caso de que o alumnado con problemas de conduta se comporte de xeito disruptivo dificultando o normal desenvolvemento das clases, tratarase de buscar solucións xunto coa orientadora do centro para que estas condutas non afecten ao resto do grupo (interrupcións constantes, condutas agresivas, faltas de respecto, etc.).

Pode ser necesaria a presenza de mestres/as de apoio ou das coidadoras para reconducir determinadas condutas durante un período temporal concreto ou ao longo de todo o curso, en función das necesidades.

### **3.5. Alumnado que remata axiña as tarefas**

É practicamente imposible que nun mesmo grupo de 25 alumnos/as rematen todos ao mesmo tempo. Por este motivo, sempre hai nenos/as que acaban antes ca outros aos que lles custa máis realizar as tarefas.

Se ben nos cursos anteriores a este se recurría ao alumnado máis rápido para axudar aos que presentaban máis dificultades, este ano polo protocolo do COVID non se poderá facer así. Polo tanto, no caso de que rematen antes, poderán realizar algunha actividade lúdica indicada pola mestra (debuxo relacionado co tema tratado, algunha ficha a modo de xogo ou recortable, etc.). Este ano tampouco poderán ir ler un libro do *Reading corner*, repasar contidos cos robots nin tampouco xogar a algún dos xogos en inglés que temos na aula de inglés, seguindo as normas ditadas no protocolo.

### **3.6. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso**

Se durante o curso se observan casos de alumnado que requira unha atención especial polo motivo que sexa e non apareza recollida na presente programación, tomaranse as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación do centro.

## **4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA**

Atendendo ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as competencias clave son as capacidades de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Desde a nosa Programación Didáctica tratamos de contribuír ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo. De feito, é a competencia máis relacionada coa materia de inglés. Case todos os estándares fan referencia a ela.

- **Competencias Social e Cívica (CSC):**

Son o segundo tipo de competencias máis relacionadas coa nosa materia. Ao ensinarmos unha lingua, tamén é necesario ensinar unha cultura, incluíndo o seu elemento social.

- **Competencia de Aprender a Aprender (CAA):**

Esta competencia tamén está moi presente na ensinanza do inglés. Os/as alumnos/as deben tratar de identificar cómo aprenden

mellor e qué estratexias os fan máis eficaces, para ser capaces de saír adiante a medida que van avanzando nos sucesivos cursos e se vai incrementando o nivel de dificultade das diferentes materias.

#### ▪ **Competencia Dixital (CD)**

Na materia de inglés as TICs son fundamentais, xa que se empregan a diario e na actualidade é importante que o alumnado estea familiarizado con todas estas tecnoloxías para poder afrontar os retos do presente e do futuro e non converterse nunha vítima da brecha dixital.

Por último, as seguintes competencias non están incluídas en ningún dos estándares de inglés deste curso:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Aínda así, incluímos en todas as unidades actividades transversais (*CLIL*) que poden estar relacionados con estas competencias.

## **5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Seguindo o Currículo Oficial de Educación Primaria (DECRETO 105/2014 de 4 de setembro), a área de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés neste segundo curso está estruturada en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

No Currículo oficial preséntanse nunha táboa os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe desta materia para este nivel, que se reproducen a continuación:

### **5.1. Obxectivos**

### **5.2. Contidos**

### **5.3. Criterios de avaliación**

### **5.4. Estándares de aprendizaxe**

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Iniciación, a través do xogo e da expresión corporal e musical, á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación moi sinxelas conectadas cos intereses do alumnado.</li> <li>– Captación da idea global e identificación dalgúns elementos</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</li> <li>▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación do tema de textos sinxelos, adaptados á idade e próximos á súa experiencia (contos, rimas, cancións...).</li> <li>- Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.</li> <li>- Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.</li> <li>- Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</li> <li>- Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</li> <li>-</li> </ul>	<p>persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</li> <li>▪ B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB1.4. Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (Open/close the book, sit down...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</b>				

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción:               <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.</li> </ul> </li> <li>- Execución:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</li> <li>- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.</li> <li>- Usar linguaxe non verbal que corresponda á situación comunicativa (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</li> <li>- Sinalar obxectos ou realizar accións que aclaren o significado.</li> <li>- Participar en representacións, memorizar e recitar poemas, cantar cancións, contar contos etc., empregando respostas verbais e non verbais (movemento, accións, debuxos, modelado ou mímica).</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).</li> <li>▪ B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.</li> <li>▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reproducir textos orais coñecidos, repetir e reproducir de acordo con modelos orais.</li> <li>- Imitar situacións de comunicación breves a través de dramatizacións, de xogos, de rutinas etc.</li> <li>- Participar con actitude de colaboración en xogos, dramatizacións... que precisen de sinxelas intervencións orais.</li> <li>- Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación, seguindo modelos.</li> <li>- Participar oralmente en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.</li> <li>- Producir textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións,</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>cancións, recitados, dramatizacións etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos: iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.5. Aмосa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Activación progresiva dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema de textos próximos a súa idade.</li> <li>– Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, cancións, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.</li> <li>– Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto co apoio de ilustracións.</li> </ul> </li> <li>▪ B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Interese e curiosidade por aprender</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</li> <li>▪ B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.</li> <li>▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionados coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.</li> <li>▪ B3.4. Ler en voz alta textos moi</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>unha lingua estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>▪ B3.3. Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación y uso de léxico e de estruturas elementais propias da lingua estranxeira, previamente empregadas.</li> </ul> </li> <li>- Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</li> </ul>	<p>breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando una entoación e pronuncia adecuadas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<b>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificación:</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, diálogo teatral... próximos a súa idade.</li> <li>- Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expressar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.</li> <li>- Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e material dixital adaptado á súa idade.</li> <li>- Seleccionar e empregar progresivamente o léxico adecuado ao tema.</li> <li>- Iniciar no uso dalgún recurso cohesivo para non repetir palabras.</li> <li>- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.</li> <li>- Iniciar no emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos</li> </ul> </li> </ul>	<p>con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</li> <li>▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>sinxelos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.</li> <li>– Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.5. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Interese e curiosidade por aprender unha lingua estranxeira.</li> <li>– Recoñecemento e uso das fórmulas básicas da relación social e cortesía.</li> <li>– Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</li> <li>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</li> <li>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</li> <li>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</li> <li>▪ PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.</li> <li>▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.</li> <li>▪ PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me...).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</li> <li>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais (nome, apelido, idade, gustos).</li> <li>– Realización de preguntas e</li> </ul> </li> </ul>	<p>comunicación propia da aula.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</li> <li>▪ B5.6. Comprender e expresar a posesión.</li> <li>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.</li> <li>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Adquire as rutinas de saúdos e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.7. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta.</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	



ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>respostas sinxelas sobre os animais máis próximos a súa contorna, bebida...Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.</li> <li>- Identificación e seguimento de instrucións.</li> <li>- Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.</li> <li>- Expresión do que lle gusta e non lle gusta.</li> <li>- Identificación dos materias que compoñen os obxectos.</li> <li>- Identificación das partes do corpo e da cara.</li> <li>- Identificación dos membros da familia próximos.</li> <li>- Identificación dos elementos máis próximos á súa contorna.</li> <li>- Expresión de habilidade e capacidade para realizar unha acción en negativa e afirmativa.</li> <li>-</li> <li>- Realización de preguntas e</li> </ul>	<p>nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> <li>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.</li> <li>▪ B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.</li> <li>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</li> <li>▪ B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.</li> <li>▪ B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</li> <li>▪ B5.15. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.9. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos máis básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	respostas en relación ao permiso e axuda. - Formulación de preguntas e respostas sobre o estado de ánimo. - Formulación de preguntas e respostas en relación á cantidade. ▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas: - Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (What's your name?, My name is, How old	competencia integrada.	▪ PLEB5.12. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados, dramatizacións etc.	▪ CSC
▪ PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).			▪ CCL	
▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.			▪ CCL ▪ CAA	

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>are you?, I'm, What's your favourite colour?, My favourite colour is/It's, I'm (hungry)).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It's, What's the weather like today?, It's, What month are you in?, I'm in).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).</li> <li>- Identificación e seguimento de instrucións (Touch your (legs)...).</li> <li>- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I've got, He/She's got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I have/No, I haven't, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn't).</li> <li>-</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.15. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>-</li> <li>- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)). <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de cantidade: contar desde 21 a 50.</li> <li>- Expresión das cores, das partes do corpo e cara, de elementos próximos (What's this?, It's...), membros da familia (Who's this ?, This is my (brother), alimentos (What's this?, This is).</li> </ul> </li> <li>- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing). <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (I can, I can't).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (Can I...?).</li> <li>- Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (Are you (hungry?, Yes, I am/No I'm not).</li> <li>- Expresión da cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?.</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.16. Compara aspectos moi básicos e elementais (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Programación de inglés 2º curso	CEIP A Gándara (Narón)	Curso 2020/2021	23	

ÁREA	PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a cores, números ata o 50, materiais escolares, formas xeométricas básicas, membros da familia, comidas e bebidas máis cotiás, xoguetes, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais domésticos (de compañía e de granxa), partes do corpo e da cara, e partes da casa.</li> </ul>			

## 6. METODOLOXÍA

### 6.1. Metodoloxía en caso de ensinanza presencial

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- **A participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe**, de forma que se sinta integrado neste. O proceso de ensino-aprendizaxe debe xirar en torno o alumnado e non ao revés. O alumnado é o protagonista.
- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que lle resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe**; por iso é necesario ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.
- **Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso a nosa metodoloxía ten a característica de flexibilidade, de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia consciencia de logros, e do progreso que

logran día a día. Trataremos sempre de darlles un apoio a aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron. Tamén se terán en conta os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos, tal e como se explicou no apartado 3 de pautas para atender á diversidade.

- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade;** eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.
- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos.** As unidades didácticas teñen en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.
- **Reforzo positivo.** Eloxiaranse os progresos do alumnado, tratando de motivalos e animalos en todo momento.

Ao principio das unidades, os alumnos poden mostrar a comprensión a través de comunicación non verbal. Despois son animados rapidamente a repetir o que escoitan e máis adiante a utilizalo. A repetición é moi importante e sempre se lles dá aos alumnos/as a oportunidade de escoitar e repetir novo vocabulario con moita frecuencia.

En todas as unidades poderán encontrar actividades con novos sons baseados en cancións e as actividades ou xogos preséntanse de maneira moi visual.

A metodoloxía que seguimos ten moi en conta as novas tecnoloxías, xa que sempre traballamos a partir do libro dixital proxectado na pizarra, polo que todas as cancións, historias, etc. poden velas de xeito animado, o cal engade un factor de motivación moi importante. O feito de contar con pizarra dixital permítenos realizar actividades interactivas, que son tamén moi motivadoras para o alumnado.

### **6.1.1. Actividades, materiais e recursos didácticos**

O libro de texto utilizado é o *Go2! Student's Pack* (ISBN 978-84- 668-2624-2). Poderanse empregar, ademais, outros materiais tales como fichas, cancións ou historias extraídas doutros medios.

Este curso, debido ao protocolo polo COVID-19, levaremos a cabo a nosa práctica docente nas aulas correspondentes a cada grupo. Por este motivo, ao non poder dispoñer da aula de inglés e dos recursos que usábamos o curso pasado, vémonos moi limitados en canto á distribución do alumnado, á hora de realizar de dramatizacións ou facer bailes, e á utilización de xogos e materiais.

Para a selección dos materiais curriculares seguíronse as seguintes pautas:

- Encádrase con coherencia no Proxecto educativo do centro.
- Cobre os obxectivos do currículo.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.



- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrase suficientemente á información gráfica mediante imaxes.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

En todas as unidades se traballan:

- ✓ Varias palabras de vocabulario clave relacionado coa vida diaria do noso alumnado (animais, partes da casa ou aficións).
- ✓ Estruturas gramaticais básicas (*What's your name?, I'm wearing..., Where's my pencil?, etc.*)
- ✓ Un apartado CLIL (*Content and Language Integrated Learning*) que trata aspectos de ciencias naturais (como os materiais), música (instrumentos) ou ciencias sociais (tipos de dinosaurios).
- ✓ Un espazo adicado á fonética, na que se traballan os sons iniciais *b, d, j, f* ou *c*.

- ✓ A sección *Go around the world*, relacionada coa cultura, e na que se tratan temas como os colexios nos diferentes países, por exemplo.

## 6.2. Metodoloxía en caso de ensinanza a distancia

A metodoloxía no caso de ensinanza a distancia cambia radicalmente con respecto ao ensino presencial. No caso de que debido a circunstancias excepcionais a causa do COVID-19 (aula en corentena, confinamento do grupo ou similar) non fose posible impartir a clase nas aulas, as interaccións co noso alumnado terán lugar a través dun ordenador, tablet ou teléfono móbil na maior parte dos casos.

En principio, o medio usado principalmente para propoñer as actividades de inglés será o blog <https://teacheremmagandara.blogspot.com/>, no que para cada nivel se establecen semanalmente unha serie de actividades, que aparecen explicadas unha a unha de maneira detallada e inclúen os audios correspondentes. Tamén se poderá empregar a aula virtual do CEIP A Gándara (no caso de que o alumnado xa estea familiarizada coa mesma) ou a páxina web do colexio (no apartado de inglés).

### 6.2.1. Actividades, materiais e recursos didácticos

Ademais do libro dixital (*student's book* e *activity book*), no caso de educación a distancia poderán proponerse actividades variadas: pdfs con acceso a listenings e demais, xogos, cancións e actividades interactivas a través de páxinas web como poden ser Learn English Kids do British Council (<https://learnenglishkids.britishcouncil.org/es>), Mundo Primaria (<https://www.mundoprimary.com/juegos-educativos/juegos-de-ingles>) ou Liveworksheets (<https://es.liveworksheets.com/>). En función do desenvolvemento da materia a distancia, poderán engadirse outros recursos ou prescindir dos que consideremos que non funcionan.

Non cabe dúbida de que os bloques 1 e 2 do currículo (comprensión e expresión oral) serán os máis prexudicados, xa que aínda que propoñemos

en todos os niveis actividades de escoita, non é posible esa interacción que ten lugar na clase na que hai un intercambio de opinións e demais sobre os audios. Ademais, tampouco é posible facer actividades de expresión oral entre compañeiros.

Poderá realizarse tamén algunha videoconferencia a través da plataforma Webex, aínda que nestes primeiros niveis de educación primaria no caso de facerse algunha será para manter o contacto entre o alumnado, máis que para impartir unha clase de inglés propiamente dita. A experiencia do curso pasado coas videoconferencias en 1º e 2º de primaria foi fructífera no sentido en que puidemos vernos virtualmente e iso fíxonos moita ilusión a todos e a todas, pero foron un pouco caóticas debido a problemas técnicos e á falta de autonomía do alumnado, o que implica ter sempre ao lado un adulto pendente de que todo funcione correctamente.

Respecto ao alumnado que carece de medios informáticos ou de conexión a internet para acceder ás actividades, poñereime en contacto co departamento de Orientación e coas titoras deses alumnos/as para acordar unha vía para facerlles chegar o material doutro xeito xeito e que poidan recibir as propostas semanais para poder seguir o ritmo das clases.

Ao longo de todo o curso estou a disposición das familias a través dos seguintes correos electrónicos para responder as dúbidas ou comentarios das familias, intentando apoialas e facilitándolles o traballo o máximo posible:

[emmasalgueiroveiga1@gmail.com](mailto:emmasalgueiroveiga1@gmail.com)

[emma.salgueiro@edu.xunta.es](mailto:emma.salgueiro@edu.xunta.es)

## 7. PLAN DE RECUPERACIÓN

O curso pasado remataron as clases presenciais en marzo, non volvendo a retomarse a actividade nas aulas ata este setembro. Pasou moito tempo e, polo tanto, agora que volvemos á actividade lectiva de xeito presencial debemos retomar ou recuperar os contidos que quedaron por ver no 2019/2020.

No caso do alumnado de 2º curso de Educación Primaria seguen mantendo a mestra do 2019/2020 e, polo tanto, as primeiras semanas repasaranse os contidos traballados o curso anterior, ademais de estudar o vocabulario e as historias das dúas unidades (5 e 6) que quedaron pendentes do libro *Big Surprise 1 (Chuck's new clothes e Aziza's hat)*.

Os primeiros días adicaranse a repasar oralmente contidos traballados o curso pasado, a modo de avaliación inicial para ver o que recordan e para enlazar e servir de ponte entre o anterior e este que agora comeza.

Prestaráselle especial atención á situación emocional do alumnado, para tratar de que o comezo deste curso tan raro e diferente sexa o máis lúdico posible.

## 8. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación é unha ferramenta flexible e aberta, susceptible de cambios e modificacións, como por exemplo respecto á temporalización e avaliación dos estándares, en función das necesidades do grupo-clase.

O libro do alumno/a empregárase como un instrumento para o traballo diario de clase, aínda que se poderán traballar outros materiais ou recursos cando a mestra o considere necesario ou pertinente.

No 2º nivel contamos con dúas sesións semanais para inglés. Este curso, ademais das dúas unidades citadas no apartado anterior e que

quedaron pendentes do libro *Big Surprise 1*, traballaranse 6 unidades didácticas, tomando como referencia o libro de texto da Editorial Richmond que aparece no apartado 6.1.1. da presente programación. Ademais desas 6 unidades, tamén se tratarán outras pequenas unidades contextualizadas segundo os diferentes acontecementos que teñen lugar ao longo do curso académico e que teñen especial relevancia tanto para a lingua como para a cultura inglesa: *Halloween*, *Christmas* e *Carnival*, así como unhas páxinas de benvida.

A continuación, amosamos a temporalización trimestral de unidades nesta área (susceptible de modificación en función das necesidades do grupo-clase, como xa se comentou anteriormente). É posible que non nos dea tempo de abarcar todas as unidades, posto que ademais das que aparecen no libro *Go 2!*, tamén traballaremos as dúas que quedaron pendentes o curso pasado. Seguramente no primeiro trimestre non nos dará tempo a ver todas as unidades inicialmente previstas, pero igualmente en principio programámolas así e se non, pasarán ao seguinte trimestre:

**a) Primeiro trimestre:**

- *Chuck's New Clothes*
- *Aziza's Hat*
- *Ready, Steady, Go!* (Mini unidade de benvida)
- Unidade 1: *Our House*
- Unidade 2: *Hobbies*
- *Halloween*
- *Christmas*

### **b) Segundo trimestre:**

- Unidade 3: *Carnival!*
- Unidade 4: *Animals Everywhere!*
- *Easter*

### **c) Terceiro trimestre:**

- Unidade 5: *Superheroes*
- Unidade 6: *A Day Out*

## **9. AVALIACIÓN**

### **9.1. Avaliación en caso de ensino presencial**

A avaliación este curso tratará de ser un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da presente programación.

Será unha avaliación global, continua e formativa, que terá en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, o que permitirá ir adaptando a programación ás condicións ou características de cada grupo que se vaian observando na práctica diaria.

Para recoller todos os datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos e dos estándares de avaliación establecidos, empregárase unha aplicación denominada “Additio”.

#### **9.1.1. Procedementos e instrumentos de avaliación**

Os procedementos e instrumentos para levar a cabo a avaliación serán:

- ✓ A observación directa, sistemática e diaria do alumnado (recollerase información sobre asistencia, o seu comportamento e actitude, participación...)
- ✓ Intercambios e preguntas orais.
- ✓ Listas de cotexo (si/non).

- ✓ Análise das producións do alumnado, ben sexan cancións, actividades do libro, fichas...
- ✓ Rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar.

### **9.1.2. Criterios de cualificación**

En segundo curso en principio non se realizarán exames nin controis da materia de lingua inglesa, porque o alumnado aínda é moi pequeno e non se iniciou aínda na dinámica de ser avaliados deste xeito. Si que se lles pode dar algunha ficha para que a fagan sen a axuda da mestra (sen ter a presión de sentir que é un control ou exame), para comprobar o nivel de adquisición de vocabulario, por exemplo.

Terase moi en conta o traballo diario do/a alumno/a, a súa participación e implicación á hora de cantar/bailar as cancións, realizar dramatizacións das historias ou cantos, a súa comprensión, etc.

O comportamento tamén se valorará á hora de avaliar ao alumnado, xa que un alumno/a que se comporta de xeito disruptivo (ben sexa falando, molestando a compañeiros...) non está aproveitando a clase e está interrompendo a correcta dinámica da mesma.

En definitiva, para obter a cualificación de cada trimestre, terase en conta co seguinte peso:

- Avaliación dos estándares de aprendizaxe, directamente relacionados cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación das unidades, establecidos no currículo oficial (apartado 5 da presente programación) → 70%
- Traballo diario → 10%
- Comportamento → 10%
- Participación e actitude → 10%

Respecto á avaliación dos estándares, para cada trimestre ponderaranse os correspondentes, de xeito que dentro dese 70% cada un deles teña un peso concreto (algúns poden ter máis peso ca outros).

No caso de alumnado que presente dificultades na aprendizaxe (diagnosticadas ou non), na avaliación poderán levar un 5 con RE (reforzo), o cal significa que lle custa moito chegar a ese suficiente, pero valórase o traballo e esforzo diario na aula. Esta valoración correspóndelle facela á mestra de inglés, que considerará se debe ou non superar a materia pero con ese reforzo adicional.

## **9.2. Avaliación en caso de ensino a distancia**

No caso de que nalgún momento deste curso académico 2020/2021 se produza un confinamento ou haxa que poñer a unha ou varias aulas do centro en corentena, procederase a traballar a distancia, como se explicou no apartado 6.2.

O momento no que se produza esa situación determinará a maneira de avaliar, xa que se se produce a finais de curso non é o mesmo que se ocorre ao principio.

Como comentamos nos apartados 9.1, 9.1.1. e 9.1.2., ao longo do curso recopilamos moita información sobre o traballo, a actitude e o comportamento do noso alumnado. Hai moitos estándares referidos aos bloques 1 e 2 (comprensión e produción de textos orais) que son moi difíciles de avaliar de maneira telemática, e son esenciais nestes primeiros niveis de educación primaria.

Por este motivo, se o ensino telemático se produce ben avanzado o curso, manterase a valoración deses estándares de carácter oral en función dos rexistros e anotacións referentes aos mesmos durante o ensino presencial.

Como a materia de lingua inglesa, ao igual que o resto de linguas, non se pode fraccionar, a maioría de estándares son traballados nos tres trimestres,



polo que se o confinamento se produce ao longo do segundo ou terceiro trimestre, teríamos tamén datos abondo para realizar a avaliación de maneira obxectiva. Ademais, ao ser unha lingua, a súa avaliación é continua, polo que tomaríamos como base para a cualificación a nota do último trimestre no que se tivo rexistro de notas de maneira presencial.

De todas formas, esa cualificación podería incrementarse ata 1 punto respecto á última nota do curso presencial, sempre e cando o alumnado se mantivera en contacto coa mestra enviándolle todos os traballos ou actividades solicitadas en tempo e forma ao correo electrónico ou por calquera outro medio que se indique. Poñerase un prazo para a entrega de actividades (non todas as propostas serán para entregar).

Se a actividade presencial se suspende ao principio do curso (no primeiro trimestre, nun momento no que a mestra non teña rexistro de moitos dos estándares), tratarase de avaliar os mesmos a través da entrega de actividades que se indicarán no seu momento.

### **9.2.1. Alumnado con algún trimestre suspenso**

No caso do alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles durante o ensino presencial, é necesario distinguir dous casos ben diferentes:

a) Se un alumno suspendeu inglés no último trimestre de actividade presencial, daráselle a posibilidade de aprobar a materia sempre e cando entregue en tempo e forma as actividades que se lle encomenden para poder superala. Teñen que ter, ademais, un mínimo de corrección para poder valoralas positivamente.

b) Un alumno que ten máis dunha avaliación suspensa durante o ensino presencial, non tendo adquiridos a práctica totalidade dos estándares imprescindibles dos trimestres anteriores, non poderá aprobar inglés este

curso. Aínda así, e en coordinación coa orientadora do Centro, daráselle material para que siga traballando materia.

## 10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS

Respecto aos mínimos esixibles para superar a materia de inglés no segundo curso de educación primaria, estes son os seguintes:

### ▪ **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- **Comprende** o esencial das mensaxes e instrucións do docente referidos á actividade habitual da aula.
- **Participa** nas rutinas diarias (día da semana, mes, tempo atmosférico, etc.) e **comprende** o vocabulario asociado.
- **Entende** a información esencial en conversas moi breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a clase, as súas mascotas, descrición moi básica de obxectos, apoiándose na linguaxe non verbal para mellorar a súa comprensión.
- **Comprende** as fórmulas básicas de relación social (saúdos, presentacións, agradecementos, desculpas).
- **Comprende** as preguntas do docente sobre os seus datos básicos (nome, idade), o seu corpo, obxectos, mascotas e animais, comidas, a súa familia e en xeral sobre os temas traballados na aula.
- **Distingue** o comezo e peche dunha conversa.

### ▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

- **Imita e repite** as expresións do docente utilizadas na aula.
- **Fai presentacións** moi breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo) usando estruturas moi sinxelas.
- **Respecta** as normas que rexen a interacción oral.

- **Responde** de forma axeitada en situacións de comunicación (saúdo, preguntas moi sinxelas sobre si mesmo, petición ou ofrecemento de obxectos, etc.).
- **Coñece** e **emprega** expresións relacionadas coas celebracións familiares ou culturais.
- **Participa** en conversas cara a cara nas que se establece contacto social (saudar e despedirse, presentarse).
- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**
  - **Localiza** palabras coñecidas no material visual utilizado para as rutinas (calendario, expresións sobre o tempo atmosférico) ou nos libros da clase (título, paxinación, etc.).
  - Utiliza dicionarios de imaxes.
  - **Relaciona** de forma axeitada palabras escritas coa imaxe correspondente.
- **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**
  - **Copia** palabras e expresións sinxelas traballadas oralmente.
  - **Escribe** cartas ou tarxetas nas que felicita a alguén a partir dun modelo, copiando algunhas palabras básicas e incluíndo debuxos ou fotografías.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán os seguintes:

<u>INDICADORES</u>	<u>VALORACIÓNS,</u> <u>OBSERVACIÓNS E</u> <u>PROPOSTAS DE MELLORA</u>
Realizo a programación da miña	

actividade educativa tendo como referencia a programación didáctica.	
Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula tendo en conta as características do meu alumnado.	
Planifico as clases de modo flexible, adecuando as actividades ás necesidades e interese do alumnado.	
Establezo os criterios e procedementos de avaliación que me permitan facer o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	
Dou información dos progresos acadados así como das dificultades atopadas.	
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.	
Distribúo o tempo adecuadamente (equilibrio entre o tempo de exposición e o traballo do alumno)	
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos...	

Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.)	
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as, e acepto suxestións.	

## **12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO**

### **12.1. Plan lector**

En todas as unidades hai polo menos unha historia, aínda que nos primeiros niveis da educación primaria cústalles moito ler no idioma estranxeiro, posto que hai alumnado que aínda está empezando a ler na súa lingua materna. Cómpre resaltar que o inglés é unha lingua que se escribe dun xeito totalmente diferente a como se escribe, algo que lles custa moito interiorizar.

### **12.2. Plan de Convivencia**

A través das historias, en todas as unidades se traballan valores. Ademais, resólvense os posibles conflitos que poidan xurdir na clase, fomentando a tolerancia, o respecto e a solidariedade.

### **12.3. Proxecto TICS**

As TICs están presentes no día a día da clase, xa que se emprega o libro dixital e a PDI a diario. Ademais, realízanse actividades interactivas, proxéctanse cancións, historias, etc.

#### **12.4. Atención á diversidade**

Como xa se comentou no apartado 3, esta programación ten en conta a diversidade e achega medidas para tratala na aula.